

## **ASCOMYCOTA E BASIDIOMYCOTA DE QUINTELA DE UMOSO (VIANA DO BOLO, OURENSE, GALICIA)**

por  
M.L. CASTRO\*

CASTRO, M.L. 2023. *Ascomycota e Basidiomycota* de Quintela de Umoso (Viana do Bolo, Ourense, Galicia). *Mykes* 26: 91-114.

### **RESUMO**

Preséntanse un total de vinte e dous taxons procedentes do concello de Viana do Bolo (Ourense, Galicia), recolectados baixo árbores caducifolias: un ascomiceto e vinte e un basidiomicetos, entre os que destaca a presenza de *Amanita lividopallescens* (Gillet) Bigeard & H. Guill. como novidades para Galicia e unha segunda cita de *Otidea mirabilis* Bolognini & Jamoni. O catálogo da provincia de Ourense vese así aumentado en oito taxons.

**Palabras clave:** Galicia, Ourense, árbores caducifolias, *Ascomycota*, *Basidiomycota*.

CASTRO, M.L. 2023. *Ascomycota and Basidiomycota* from Quintela de Umoso (Viana do Bolo, Ourense, Galicia). *Mykes* 26: 91-114.

### **SUMMARY**

A total of twenty-two taxa, collected under deciduous trees from the municipality of Viana do Bolo (Ourense, Galicia), are studied: one ascomycete and twenty-one basidiomycetes, among which the presence of *Amanita lividopallescens* (Gillet) Bigeard & H. Guill. as a new record for Galicia and a second record of *Otidea mirabilis* Bolognini & Jamoni. The catalogue of the province of Ourense is thus increased by eight taxa.

**Key words:** Galicia, Ourense, deciduous trees, *Ascomycota*, *Basidiomycota*.

---

\*Grupo Micológico Galego. Correo: [ml.castro@sapo.pt](mailto:ml.castro@sapo.pt)

## INTRODUCCIÓN

O Concello de Viana do Bolo atópase no sueste da provincia de Ourense [Fig. 1]. Ten unha orografía montañosa, na que se combinan zonas de profundos vales configurados polas bacías dos ríos Bibei e Camba e os seus afluentes no sector occidental, encadrados entre os macizos montañosos das serras do Invernadoiro e Queixa, ao sur e ao leste.




Fig. 1. Localización do concello de Viana do Bolo en Galicia.

A altitude do concello varía entre os 600 m no río Bibei e os 1542 m do porto de Trasdoval, de aí que o clima nesta zona sexa chuvioso (1000–1500l), con veráns calorosos e invernos fríos. Os macrobioclimas presentes no concello corresponden ao temperado típico na zona máis occidental e ao temperado submediterráneo máis ao interior (RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007).

O material estudado foi recolectado, en Quintela de Umoso, ao longo da senda que parte da Capela do Pai Eterno [Fig. 2]. Nesta senda pasa por varios soutos e carballeiras, con exemplares de grandes dimensións como o «pai dos rebolos» un exemplar de *Quercus pyrenaica* Willd., que algúns consideran como o máis antigo de Galicia. De igual xeito poden observarse castiñeiros centenarios, xa furados no seu interior.



Fig.2. Santuario do Pai Eterno (Umoso, Viana do Bolo) onde se recolleron os macromicetos estudados.

Trátase dunha zona asentada sobre solos ácidos, con fortes pendentes, cubertas por vexetación arbórea, formando bosques de caducifolias, *Quercus pyrenaica* Willd., *Castanea sativa* Mill. e algunha que outra *Betula alba* L., así como algúns exemplares de *Pinus pinaster* Ait. illados na zona visitada. Nesas masas boscosas actualmente non existe influencia antrópica, debido a iso, o sotobosque está cuberto de maleza alta, o que dificulta a entrada, de aí que a maior parte dos espécimes foran recolectados na marxes das sendas, en zonas con bastante herba.

## **METODOLOXÍA**

O material estudado foi recolectado no concello de Viana do Bolo (Ourense), o 18 de xuño de 2023, por diversos membros do

Grupo Micolóxico Galego «Luís Freire», que figuran como *legit* na ficha de cada especie. Foron fotografados os exemplares que se presupuña pertencían a especies pouco comúns e anotáronse *in situ* os caracteres organolépticos máis efémeros, separando no campo en sobres individualizados os espécimes que se consideraba podían pertencer a taxons diferentes. O transporte ao laboratorio e o deshidratado realizouse seguindo a metodoloxía habitual.

Para a primeira identificación en fresco, antes do deshidratado empregáronse traballos de carácter xeral, como COURTECUISE (2005), ESTEVE-RAVENTÓS *et al.* (2007), MORENO & GARCÍA (2010) e LÆSSØE & PETERSEN (2019). Xa no laboratorio utilizáronse monografías como VAN WAVEREN (1985), STANGL (1991), BOERTMANN (1995), CANDUSSO (1997), CALONGE (1998), VELLINGA (2001a, 2001b), LADURNER & SIMONINI (2003), NAUTA (2005), MUÑOZ (2005), BERNICCHIA (2005), PEGLER *et al.* (1995), etc.; finalmente, acudíuse a artigos específicos cando foi necesario, algúns dos cales se mencionan nas observacións de cada taxon.

A distribución da especie, a nivel mundial e en Galicia, comprobouse en GBIF (en liña) e MICOGA, na base de datos do GMG e FGM (en liña), respectivamente. Os nomes foron actualizados pola base de datos INDEX FUNGORUM (en liña) e as exsiccata depositáronse na micoteca LOU-Fungi (SIAM de Lourizán).

#### **CATÁLOGO DE ESPECIES**

Do material recolectado foron identificadas 23 coleccións, un ascomiceto (*Pyrenomataceae*) e 21 basidiomicetos, incluídos nas familias *Agaricaceae* (4), *Amanitaceae* (4), *Boletaceae* (5), *Cantharellaceae* (1), *Hygrophoraceae* (1), *Hymenochaetaceae* (1), *Inocybaceae* (1), *Psathyrellaceae* (1), *Russulaceae* (1) e *Strophariaceae* (2).

Ao tratarse a provincia de Ourense, a menos estudada de Galicia ou, polo menos, na que foron publicados un menor número de taxons, non é raro que neste corto catálogo existan

cinco novos para este territorio, ademais de outro para Galicia, *Amanita lividopallescens* (ver observación), e unha segunda cita, *Otidea mirabilis*, recollida anteriormente na Coruña.

Familia *Pyrenomataceae* Corda

***Otidea mirabilis* Bolognini & Jamoni**, *Funghi e Ambiente*, 85-86: 56. 2001 [Fig. 3]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. J. Rodríguez-Vázquez, LOU-Fungi 20906.

Ascomas de pequeno tamaño, fortemente incurvados, cunha fenda vertical, interiormente de cor parda clara, externamente é lixeiramente furfurácea, con tonalidades violáceas e branca tomentosa na base.

Ascas octospóricas, no amiloides, ata 200 x 12  $\mu\text{m}$ , esporas bigutuladas, lisas, de 12-14 x 5-7  $\mu\text{m}$ . Paráfisis septadas, bifurcadas e redondeadas no ápice, ata 3,5  $\mu\text{m}$ .

Especie pouco frecuente, en xeral baixo coníferas, inda que tamén pode atoparse baixo árbores caducifolias na provincia da Coruña (CASTRO, 2015). É a segunda mención para Galicia.



Fig. 3. *Otidea mirabilis*

Familia *Agaricaceae* Chevall.

***Leucoagaricus serenus* (Fr.) Bon & Boiffard**, *Bull. trimestriel Soc. mycol. France*, 90(4): 301. 1975 (1974) [Fig. 4]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. A. Melón e S. Villa-Laschuetza, LOU-Fungi 20923.

Só un basidioma de 1,5x2,5x0,2cm. Chapeu subescuamoso, con fibras adheridas visibles á lupa, de cor branca con tonalidades lixeiramente rosadas no centro, máis claro na marxe, que está lixeiramente esfiada, láminas brancas, libres, desiguais e anchas, coa marxe lixeiramente algodonosa e branca, estipe branco, superficie fibrilosa á lupa, subigual, excepto no pé que é lixeiramente inchado, con rizomorfos, con anel parcial, ascendente, algodonoso e fráxil.

Esporas intensamente metacromáticas, de 7-9,5x3-4 µm, basidios pequenos, sen pleurocistidios, queilocistidios en forma de maza, sen cristais, de 30-40 x 10 µm.

O nome de *Leucoagaricus serenus* foi usado para diferentes especies (VELLINGA, 2001a), con todo e a pesar de tratarse dun espécime diminuto consideramos que se trata deste taxon xa que



Fig. 4. *Leucoagaricus serenus*

os caracteres microscópicos das láminas son totalmente coincidentes cos indicados con esta autora e non apreciamos diferencias notables coa descrición macroscópica.

Por esa razón é difícil establecer a distribución deste taxon. En Galicia aparece mencionado para A Coruña, Lugo e Pontevedra. Trátase dunha nova cita para Ourense.

***Lycoperdon atropurpureum Vittad.***, *Mem. Reale Accad. Sci. Torino*, ser. 2, 5: 186. 1843

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* J. Rodríguez-Vázquez, LOU-Fungi 20907.

Basidioma seco, case globoso ou piriforme, cun rizomorfo na base, exoperidio granuloso, non espiñuloso, de cor parda, endoperidio, máis ou menos pardo, brillante, gleba pardas.

Capilicio de cor parda, con poros redondos, non se observaron septos. Esporas esféricas, de 5-7,5  $\mu\text{m}$ , con espinas facilmente visibles a MO, restos de esterigmas abundantes (CALONGE, 1998; PEGLER *et al.*, 1995).

Frecuente no Hemisferio Norte, aínda que tamén está presente no Sur. Tamén en Galicia, presente nas catro provincias.

***Lycoperdon lividum Pers.***, *J. Bot. (Desvaux)*, 2: 18. 1809

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* F.X. Martins, LOU-Fungi 20908.

Basidioma seco, case globoso ou piriforme, cun pequeno agrupamento miceliar na base, exoperidio granuloso, non espiñuloso, de cor parda, endoperidio gris prateado liso e brillante, gleba con tonalidades amarelas ou amarelo verdosas. Capilicio ás veces ramificado e septado, con numerosos poros redondos.

Esporas esféricas, de 3,5-5  $\mu\text{m}$ , con diminutas verrugas (< 1  $\mu\text{m}$ ), apenas visibles a MO (x 1000) (CALONGE, 1998; PEGLER *et al.*, 1995).

Taxon moi frecuente na Europa occidental e presente en ambos hemisferios. Tamén en Galicia, presente nas catro provincias.

***Macrolepiota fuliginosa* (Barla) Bon**, *Doc. mycol.*, 7(27-28): 20. 1977

= *Macrolepiota konradii* sensu Breitenbach & Kränzlin

OU, Viana do Bolo, marxe de camiño, entre a herba baixo árbores caducifolias, *leg.* F.X. Martins, LOU-Fungi 20905.

Basidioma inferior a 10 cm de diámetro, sen abrir totalmente, con mamelón pouco saínte, escamas pequenas espalladas, máis ou menos concéntricamente, anel dobre, fráxil e co estipe riscado transversalmente de pardo.

Esporas amigdaliformes, lisas, de 12-16x8-11µm.

Facilmente confundible con outras *Macrolepiota*, especialmente con exemplares de *M. mastoidea* (Fr.) Singer var. *konradii* (Huijsman ex P.D. Orton) Blanco-Dios, con todo, a menor anchura esporal e o mamelón pouco neto permiten diferenciala (VELLINGA, 2001b; VELLINGA *et al.*, 2003).

Amplamente citada para Europa, tamén para Galicia.

Familia *Amanitaceae* E.J. Gilbert

***Amanita crocea* (Quél.) Singer**, *Lilloa*, 22: 386. 1951 (1949)

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* J. Rodríguez-Vázquez, LOU-Fungi 20920.

Taxon da sección *Vaginata* con volva filamentosa e esporas esféricas ou subesféricas, de 10-12µm de diámetro e cun chapeu de cores, máis ou menos alaranxadas ocráceas.

Especie amplamente distribuída por todo o Hemisferio Norte, tamén en Galicia.

***Amanita excelsa* (Fr.) Bertill. in Dechambre**, *Dict. Encyclop. Sci. Médic.*, sér. 1, 3: 499. 1866 [Fig. 5]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* A. Melón & S. Villa-Laschuetza, LOU-Fungi 20918; *ibidem*, *leg.* F.X. Martins LOU-Fungi 20919.

En ambas coleccións o basidioma é de cor case branca, só uns pequenos reflexos agrisados no centro, o que pode ocorrer



segundo GALLI (2001). Anel estriado e péndulo, pé relativamente grosso e na colección 20918, a cutícula externa esgreza dando aspecto de flocos (imaxe da dereita na foto).

Esporas amiloides, de morfoloxía e tamaño variable, de oblongas a elipsoides, de 7,5-10x5-7  $\mu\text{m}$ . Non se observaron fíbulas en ningunha estrutura, como indican NEVILLE & POUMARAT (2004).

Pola coloración clara do carpóforo, a cutícula moi satinada e carente de copos parece tratarse de *Amanita excelsa* e na colección 20918 podería tratarse da *A. excelsa* f. *alba* (Qué.) Neville & Poumarat.

A especie é moi frecuente, inda que resulta difícil delimitar a súa distribución debido á existencia de variedades, que non sempre aparecen diferenciadas nas publicacións respectivas. En Galicia non aparece citada para a provincia de Ourense.



Fig. 5. *Amanita excelsa*

***Amanita lividopallescens* (Gillet) Bigeard & H. Guill., *Fl. Champ. Supér. France* 2: 752. 1913 [Fig. 6]**

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. A. Melón, LOU-Fungi 20921.

Un só basidioma, co chapeu campanulado ao principio, duns 12 cm de diámetro cando está aberto, con cutícula de cor ocre claro

ou abelá, satinada, coa marxe lixeiramente estriada no exemplar estudado. Láminas brancas, apertadas, desiguais. Estipe alongado, de 10x1,5cm, sen bandas transversais, máis claras que o chapeu, sen anel, volva branca, persistente en forma de saco, con dous grandes lóbulos delgados.

Volva constituída por hifas filamentosas, a veces inchadas no ápice, sen fíbulas, esferocistos moi peculiares. Esporas globosas, de 11-13 µm de diámetro.

Trátase dunha especie rara, difícil de interpretar, xa que a simple vista pode ser confundida con outras especies de tonalidades claras, pertencentes á sección *Vaginatae* (CONTU, 2003). Con todo a volva filamentosa, as esporas completamente esféricas, a robustez do basidioma e a coloración clara do chapeu parecen incluíla neste taxon.

Parece ser unha especie rara e na que é difícil indicar a súa distribución tanto peninsular como mundial, inda que aparece ben representada en Europa. En Galicia foi mencionada por MARCOTE *et al.* (2003), pero non debe tratarse deste taxon, xa que indican que ten esporas ovóides e en *A. lividopallescens* son esféricas. Polo tanto debe tratarse da primeira cita para Galicia.



Fig.6. *Amanita lividopallescens*

***Amanita rubescens* Pers.**, *Tent. disp. meth. fung.*: 67. 1797 [Fig. 7]  
OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* N. Alonso,  
LOU-Fungi 20917.

Especie moi común con basidiomas moi variables na coloración, pero facilmente identificable polas manchas de cor burdeos da trama ao ser tocada ou comida por insectos.



Fig. 7. *Amanita rubescens*

Familia *Boletaceae* Chevall.

***Boletus edulis* Bull.**, *Herb. France* 2: tab. 60. 1782 (1781-82)  
OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* A. Comesaña,  
LOU-Fungi 20912.

Marxe do chapeu lixeiramente máis clara que o resto e rede branca estendida ata 1/3 do pé.

Taxon frecuente, preferentemente no Hemisferio Norte, tamén en Galicia.

***Hortiboletus rubellus* (Krombh.) Simonini, Vizzini & Gelardi in Vizzini, *Index Fungorum*, 244: 1. 2015 [Fig. 8]**

= *Xerocomus versicolor* E.-J. Gilbert; *X. rubellus* Quél. (?); *X. rubellus* (Krombh.) M.M. Moser

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. P. Comesaña & F. Andrés, LOU-Fungi 20916.

Basidioma de pequeno tamaño, 3x2,5x0,5cm, de cor vermello intenso, uniforme. Poros amarelo pardusco, azulean ao tacto. Estipe cilíndrico, non estriado. Trama amarelada, azulea lixeiramente.

Pileipelis tipo tricoberma con hifas paralelas, esporas elipsoides, de 11-12x5 µm.

Trátase dun taxon bastante confuso no que a nomenclatura se refire, así *X. rubellus* Quél. é sinónimo de *Boletus rubellus* Krombh. (LADURNER & SIMONINI, 2003), sen embargo, INDEX FUNGORUM (en liña) non indica esta sinonimia. Por outra parte, é semellante a outros *Xerocomus* s.l. de cores vermellas, con todo a estrutura da pileipelis e a relación largo/ancho das esporas (<2,5) permiten identificar o material.



Fig. 8. *Hortiboletus rubellus*

Por estas confusións é difícil establecer a distribución a nivel mundial, pero en Galicia foi amplamente publicado para as catro provincias.

***Leccinum scabrum* (Bull.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 647. 1821

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, preto de *Betula* sp., leg. F.X. Martins, LOU-Fungi 20914.

Basidiomas co chapeu de cor parda escura, convexo, estipe esvelto, cuberto por numerosas pintiñas negras, case concolor, excepto na base que é branco e non azul (Muñoz, 2005).

Taxon moi frecuente baixo bidueiros, extremadamente común no Hemisferio Norte, tamén en Galicia.



Fig. 9. *Suillellus queletii*

***Suillellus queletii* (Schulzer) Vizzini, Simonini & Gelardi in Vizzini**, *Index Fungorum*, 188: 1. 2014 [Fig. 9]

= *Boletus queletii* Schulzer

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, carballos e castiñeiros, leg. A. Melón & F. Andrés, LOU-Fungi 20913.

Chapeu máis ou menos pardo, homoxéneo, non viscoso, menos vermella que o indicado por BREITENBACH & KRÄNZLIN (1991), de marxe lixeiramente incurvada, poros de cor amarelada, rapidamente vermella alaranxada, estipe amarelo no ápice, despois avermellado e moito máis escuro cara a base do pé. Carne azulea intensamente, ao igual que os poros, na base do pé vermella. Cheiro non desagradable, se cadra un pouco acidulado (MUÑOZ, 2005).

Esporas elipsoidais, con gúttulas, de 11-13x5-6 µm. Basidios ata 30x9 µm, tetraspóricos, sen fíbulas.

Común en Europa occidental, na Península Ibérica parece máis frecuente no norte. En Galicia aparece mencionado para as catro provincias, con todo na de Ourense só nun artigo lingüístico, sen exsiccata de RUÍZ & EIROA (2003), polo que se trata dunha primeira cita para Ourense.

***Xerocomus subtomentosus* (L.) Qué. in Mougeot & Ferry,**  
*Fl. Vosges, Champ.*: 110. 1887 [Fig. 10]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, *leg.* A. Comesaña, LOU-Fungi 20915.

Probablemente é o taxon que mellor representa ao xénero *Xerocomus*. Cutícula tomentosa ao tacto, de cor parda ou ante escuro, cunha liña na marxe máis clara, carne subcuticular de cor branca. Tubos longos, subdecorrentes (LADURNER & SIMONINI, 2003), de cor parda amarelada, igual que os poros, que son máis ou menos poligonais.

Pelis tipo tricotoderma con hifas entrelazadas, x10-12 µm. Esporas de subfusiformes a elipsoides, de 10-15x4,5-5 µm, numerosos pleurocistidios, extremadamente longos, ata 80 µm, cilíndricos ou ventrudos.

Pode confundirse facilmente con *Xerocomus ferrugineus* (Schaeff.) Alessio, pero este ten a carne subcuticular pardo ferruginosa, os poros azulean lixeiramente ao roce, ao igual que a trama, e as esporas son lixeiramente máis estreitas.

Moi común no Hemisferio Norte, tamén mencionado para Australia e Nova Zelanda. Amplamente publicado para as catro provincias galegas.



Fig. 10. *Xerocomus subtomentosus*

Familia *Cantharellaceae* J. Schröt.

***Cantharellus ferruginascens*** P.D. Orton, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 29(1): 84. 1969

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. P. Comesaña & A. Comesaña, LOU-Fungi 20902.

Basidiomas delgados, con tonalidades alaranxadas, sen cheiro aparente e coa base do estipe ferruxinosa, especialmente ao ser manipulados.

Especie amplamente coñecida na Europa central e occidental, tamén aparece mencionado para Pontevedra (REQUEJO &

CASTRO, 2017) e Ourense (BLANCO-DIOS, 2015). 2ª cita para Ourense.



Fig. 11. *Hygrocybe acutoconica*

Familia *Hygrophoraceae* Lotsy

***Hygrocybe acutoconica* (Clem.) Singer**, *Lilloa*, 22: 153. 1951 (1949) [Fig. 11]

= *Hygroche persistens* (Britzelm.) Singer

OU, Viana do Bolo, entre herba, baixo árbores caducifolias, leg. A. Melón & S. Villa-Laschuetza, LOU-Fungi 20909.

Basidiomas cónicos, chapeu de 2 cm de diámetro, algo viscoso en húmido, de cor amarela, inda que un dos exemplares presentaba tonalidades rosadas (BOERTMANN, 1995), láminas libres, ascendentes, de coloración lixeiramente amarela, estipe de 5x0,5cm, branco fibriloso, cuberto de reflexos amarelos, concoloros co chapeu. Base máis branca.



Esporas de 12-14x6,5-7,5 $\mu$ m, elipsoides, hialinas, con ápículo lateral. Basidios tetraspóricos, máis raro bi-, ata 50x12,5 $\mu$ m, con basidiolos abundantes (CANDUSSO, 1997). Non se observaron cistidios diferenciados.

Na bibliografía parece existir unha certa confusión entre *H. acutoconica* e *H. persistens*, con todo os traballos filoxenéticos poñen de manifesto que se trata da mesma especie (LODGE *et al.*, 2014).

Trátase dun taxon amplamente estendido, mencionado sobre todo na Europa occidental e en Norteamérica oriental. En Galicia aparece citado para A Coruña e Pontevedra, esta é a primeira mención para Ourense.

Familia *Hymenochaetaceae* Donk

***Coltricia cinnamomea* (Jacq.) Murrill**, *Bull. Torrey Bot. Club*, 31(6): 343. 1904

OU, Viana do Bolo, camiño baixo árbores caducifolias, leg. J. Rodríguez-Vázquez, LOU-Fungi 20903.

Especie característica, con chapeu pardo, con liñas concéntricas, máis ou menos netas, non brillante, en seco máis claro e coas liñas concéntricas menos visibles, lixeiramente aveludado.

Esporas elipsoides, de (6)7,5-8,5(10)x5-6 $\mu$ m, lisas; hifas da pileipelis sen ramificacións ou moi curtas, sen tabiques, nin fíbulas, a diferenza do sistema hifal do himenio que presenta hifas tabicadas e ramificadas, x5-7,5 $\mu$ m, sen fíbulas.

Non sempre é doado diferenciala de *Coltricia perennis* (L.) Murrill, con todo neste taxon as hifas de pileipelis son moi ramificadas e as esporas son máis estreitas (<5 $\mu$ m), segundo o indicado por BERNICCHIA (2005) e nas revisións do xénero realizadas por BALTAZAR *et al.* (2010) e GHUMMAN *et al.* (2016).

Especie coñecida tanto do Hemisferio Norte como do Sur, en Galicia, foi citada para as provincias de A Coruña e Pontevedra. Trátase da primeira mención para a provincia de Ourense.

Familia *Inocybaceae* Jülich

***Inocybe asterospora* Qué.**, *Bull. soc. bot. France*, 26: 50. 1879 [Fig. 12]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, próximo a *Castanea sativa*, leg. A. Melón, LOU-Fungi 20910.

Chapeu cónico, fibriloso, radialmente fisurado, 2-4,5 cm, de cor castaño, láminas de cor pardo clara, sinuadas, estipe case concoloro ao chapeu, ou algo máis claro, de 4,5-6 x 0,5-0,8 cm, fibroso, con bulbo marxinado, branco. Cheiro espermático lixeiro. Queilo- e pleurocistidios numerosos, con paredes grosas e cristais no ápice, metuloides, anchos laxeniformes ou ventrudos, de 50-55 x 15-30  $\mu\text{m}$ , esporas con protuberancias grandes e máis ou menos agudas, forma tipicamente en estrela, de 10-12,5 x 8-10  $\mu\text{m}$ . Hifas do revestimento ata 12  $\mu\text{m}$  e con fíbulas (STANGL, 1991; ESTEVE-RAVENTÓS *et al.*, 2007).

Amplamente estendida, aínda que máis frecuente en Europa occidental e en Norteamérica oriental, tamén frecuente en Galicia.



Fig. 12.

*Inocybe asterospora*

Familia *Psathyrellaceae* Vigalys, Moncalvo & Redhad

***Candolleomyces candolleanus* (Fr.) D.Wächt. & A. Melzer,**  
*Mycol. Progress*, 19(11): 1233. 2020 [Fig. 13]

= *Psathyrella candolleana* (Fr.) Maire

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. N. Alonso,  
LOU-Fungi 20911.

Chapeu primeiro convexo, despois aplanado e desgarrado, de característica cor branca, con algunhas tonalidades violáceas ao envellecer, de 3-5 cm, láminas ao principios case brancas, despois parda negrexando con tons lilas e aresta fimbriada e máis clara. Estipe branco, fibroso, de 5x0,5 cm.

Queilocistidios ata 70x15 µm, en xeral utrifomes, hialinos, sen pleurocistidios e esporas pardas, máis ou menos escuras, de 6-8x4-5 µm (VAN WAVEREN, 1985, ESTEVE-RAVENTÓS *et al.* 2007).

Taxon moi común e amplamente citado, especialmente para Europa occidental e Norteamérica oriental, tamén para as catro provincias galegas.



Fig. 13. *Candolleomyces candolleanus*

Familia *Russulaceae* Lotsy

***Russula atropurpurea* (Krombh.) Britzelm.**, *Bot. Centralbl.*, 54(4): 99. 1893 [Fig. 14]

= *Russula krombholzii* Schaff.

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, leg. A. Comesaña, LOU-Fungi 20922.

Basidioma de 4-7x5-8x1-1,5 cm. Chapeu de cor rosa forte na marxe, máis escuro no centro, case negro ao secar, marxe delgada, nalgunhas zonas estriado. Láminas brancas, ao igual que a esporada, estipe branco, con leves tonalidades rosadas na metade inferior, máis amarelo na base.

Esporas elipsoides, de 7-9x5,5-7  $\mu\text{m}$ , verrucosas, con retículo bastante completo. Basidios tetraspóricos. Cistidios, en xeral, alongados e apiculados (MONEDERO, 2011).

Parece tratarse dunha especie común baixo árbores caducifolias, desde a montaña ata a beiramar, en solos ácidos (SARNARI, 1998). Tamén en Galicia.



Fig. 14. *Russula atropurpurea*

Familia *Strophariaceae* Singer & A.H. Smith

***Agrocybe putaminum* (Maire) Singer**, *Beih. Bot. Centralbl.*, 56: 167. 1936 [Fig. 15]

OU, Viana do Bolo, baixo árbores caducifolias, zona herbácea, leg. A. Melón & S. Villa-Laschuetza, LOU-Fungi 20901.

Chapeu convexo, de 2-3,5 cm de diámetro, marxe delgada e incurvada, cutícula lisa ou sublisa, de cor parda beixe en fresco, agretada pola sequidade, ocre acastañada ao secar.

Láminas anchas, desiguais, sinuadas, de cor ocre clara nos exemplares novos, coa marxe dentada e branca, despois pardo avermellado.

Pé fibroso, cor beixe e ao secar ocre acastañada, sinuoso, lixeiramente inchado na base branca, as veces exemplares connados, ata 5x0,3 cm. Sen anel, ou só trazas filamentosas aneliformes, de cor pardenta na parte central.

Carne delgada, cheiro entre farelento e rafanoide lixeiro, sabor amargo.

Basidios maioritariamente tetraspóricos, algún bispórico. Esporas lisas, con apículo e poro xerminativo, amarelo pardentas ao microscopio, de 8,75-11 x 5,5-6,5  $\mu\text{m}$ . Pleurocistidios semellantes a basidiolos, moi numerosos, algúns queilocistidios alongados, en forma de maza irregular, obtusos, de 50 x 10-12  $\mu\text{m}$ , morfoloxía moi variable, inda que non se conseguiu observar cistidios capitados (NAUTA, 2005).



Fig. 15. *Agrocybe putaminum*

Amplamente estendido polo Hemisferio Norte e Nova Zelandia, tamén se coñece do norte da Península Ibérica. E, parece tratarse da primeira cita para Galicia, probablemente debido á semellanza morfolóxica entre as diversas especies do xénero *Agrocybe*.

***Hypholoma lateritium* (Schaeff.) P. Kumm., Führer Pilzk.: 72. 1871**

OU, Viana do Bolo, sobre madeira semisoterrada, sen precisar especie, leg. A. Melón, LOU-Fungi 20094.

Exemplares connados, bastante secos, de cor lixeiramente tella escura, máis clara na marxe. Sabor moi lixeiramente amargo.

Especie amplamente distribuída por todo o Hemisferio Norte, tamén en Galicia.

#### **AGRADECIMENTOS**

Aos membros do Grupo Micolóxico Galego «Luís Freire» que axudaron na recollida do material, especialmente a Patricia e Ánxela Comesaña por deseñar este percorrido tan extraordinario e a Adrián Melón e F. Xavier Martins pola axuda coas fotografías.

#### **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**

- BALTAZAR J.M., RYVARDEN, L. & GIBERTONI, T.B. 2010. The Genus *Coltricia* in Brazil: new records and two new species. *Mycologia*, 102(6): 1253-1262.
- BERNICCHIA, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei vol. 10*. Alassio. Edizioni Candusso.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2015. Notas sobre la familia *Cantharellaceae* en el noroeste de la Península Ibérica (V): aportaciones al conocimiento del subgénero *Cantharellus*. *Micolucus*, 2: 36-42.
- BOERTMANN, D. 1995. The genus *Hygrocybe* in *Fungi of Northern Europe 1*. Svampetryk. Danish Mycological Society.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3. Bolets et champignons à lames, 1ère partie. Strobilomycetaceae et Boletaceae, Paxillaceae, Gomphidiaceae, Hygrophoraceae, Tricholomataceae, Polyporaceae (lamellées)*. Lucerne. Ed. Mykologia.

- CALONGE, F.D. 1998. *Flora Mycologica Iberica, vol. 3. Gasteromycetes, I. Lycoperdales, Nidulariales, Phallales, Sclerodermatales, Tulostomatales*. Madrid/Stuttgart. Real Jardín Botánico & J.Cramer.
- CANDUSSO, M. 1997. *Hygrophorus s.l. Fungi Europaei vol. 6. Alassio. Libreria Basso*.
- CASTRO MARCOTE, J.M. 2015. El género *Otidea* en Galicia. *Micolucus*, 2: 29-35.
- CONTU, M. 2003. A revised key to *Amanita*, section *Vaginatae* (Fr.) Quél. in Europe. *Field Mycol.*, 4(4): 128-136.
- COURTECUISSÉ, R. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y Norte de África*. Barcelona. Editorial Omega.
- ESTEVE-RAVENTÓS, F., LLISTOSELLA VIDAL, J. & ORTEGA DÍAZ, A. 2007. *Setas de la Península Ibérica e Islas Baleares*. Madrid. Ediciones Jaguar.
- FGM, en liña. Catálogo de fungos de Galicia elaborado pola Federación Galega de Micología. Disponible en: <http://www.fgmicoloxia.org/catalogo.php> [Consultado: 22/12/2023].
- GBIF SECRETARIAT. 2023. GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset (en liña). Disponible en: <https://doi.org/10.15468/39omei> [Consulta: 22/12/2023].
- GHUMMAN, N.K., SINGH, A.P. & DHINGRA, G.S. 2016. Revision of the Genus *Coltricia* Gray, from India. *Kavaka*, 47: 134-137
- INDEX FUNGORUM, en liña. Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership. Disponible en: <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 21/12/2023].
- LADURNER, H. & SIMONINI, G. 2003. *Xerocomus s.l. Fungi Europaei vol. 8. Alassio. Edizione Candusso*.
- LÆSSØE, T. & PETERSEN, J.H. 2019. *Fungi of Temperate Europe*. 2 vols. Oxford and Princeton. Princeton University Press.
- LODGE, D.J., PADAMSEE, M., MATHENY, P. B., AIME, M.C., CANTRELL, S.A., BOERTMANN, D., KOVALENKO, A., VIZZINI, A., DENTINGER, B.T.M., KIRK, P.M., AINSWORTH, A.M., MONCALVO, J.-M., VILGALYS, R., LARSSON, E., LUCKING, R., GRIFFITH, G.W., SMITH, M. E., NORVELL, L.L., DESJARDIN, D. E., REDHEAD, S. A., OVREBO, C. L., LICKEY, E.B., ERCOLE, E., HUGHES, K.W., COURTECUISSÉ, R., YOUNG, A., BINDER, M., MINNIS, A.M., LINDNER, D.L., ORTIZ-SANTANA, B., HAIGHT, J., LÆSSØE, T., BARONI, T.J., GEML, J. & HATTORI, T. 2014. Molecular phylogeny, morphology, pigment chemistry and ecology in *Hygrophoraceae* (*Agaricales*). *Fungal Diversity*, 64: 1-99.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. & TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.

- MONEDERO GARCÍA, C. 2011. *El género Russula en la Península Ibérica*. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.
- MORENO, G. & GARCÍA MANJÓN, J.L. 2010. *Guía de hongos de la Península Ibérica*. Barcelona. Omega.
- MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus). Strobilomycetaceae, Gyroporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae. Fungi Europaei vol. 2*. Origgiò. Edizioni Candusso.
- NAUTA, M.M. 2005. *Agrocybe* Fay. in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds.) *Flora Agaricina Neerlandica* 6: 204-221.
- NEVILLE, P. & POUMARAT, S. 2004. *Amaniteae: Amanita, Limacella & Torrendia in Fungi Europaei vol. 9*. Saronno. Edizioni Candusso.
- PEGLER, D.N., LÆSSØE, T. & SPOONER, B.M. 1995. *British Puffballs, Earthstars and Stinkhorns; an account of the British gasteroid fungi*. Kew. Royal Botanic Garden.
- REQUEJO, O. & CASTRO, M. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 3-216.
- RODRÍGUEZ GUITIÁN, M. A. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *AGADER Recursos Naturais*, 3: 31-53.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L., en liña. MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega. Disponible en: <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 21/12/2023].
- RUIZ LEIVAS, C. & EIROA GARCÍA-GARBAL, J.A. 2003. Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos. *Cad. Fraseol. Galega*, 4: 371-387.
- SARNARI, M. 1998 *Monografia illustrata del genere Russula in Europa. Tomo primo*. Trento. AMB Fondazione.
- STANGL, J. 1991. *Guida alla deteminazione dei funghi 3. Inocybe*. Trento. Editriche Saturnia.
- VAN WAVEREN, E.K. 1985. The dutch, french and british species of *Psathyrella*. *Persoonia* supplement vol. 2.
- VELLINGA, E.C. 2001a. *Leucoagaricus* (Locq. ex) Sing. in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds.) *Flora Agaricina Neerlandica*, 5: 85-108.
- VELLINGA, E.C. 2001b. *Macrolepiota* Singer in M.E. Noordeloos, Th.W. Kuyper & E.C. Vellinga (eds.) *Flora Agaricina Neerlandica*, 5: 64-73.
- VELLINGA, E.C., KOK, R. DE & BRUNS, T.D. 2003. Phylogeny and Taxonomy of *Macrolepiota* (Agaricaceae). *Mycologia*, 95(3): 442-456. DOI: 10.2307/3761886